



## Concello de Boiro

### CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
4693/2018	A Xunta de Goberno Local

**Francisco Javier Novoa Juiz, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,  
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 5 de xuño de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 4693/2018. Aprobación das bases de selección destinadas á cobertura con carácter laboral temporal de postos de peón de servizos varios. PEL 2018**

**APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE 6 PEONS DE SERVIZOS VARIOS**

Sobre a mesa o expediente tramitado para a aprobación das bases de selección destinadas á cobertura con carácter laboral temporal de postos de peón de servizos varios (3 a xornada completa e 3 a tempo parcial).

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións conferidas por Resolución da Alcaldía de data 15/06/2015 (BOP núm. 140, do 27/07/2015), en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura con carácter laboral temporal de postos de peón de servizos varios, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

**SEGUNDO.** Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e na lexislación vixente.

**"BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE 6 PEONS DE SERVIZOS VARIOS.**

**1º.-OBJECTO:**

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter laboral temporal de postos de peón de servizos varios (3 a xornada completa e 3 a tempo parcial) mediante a contratación de persoal en situación de risco de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos servizos mínimos.

**2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN:** Os contratos de traballo formalizaranse baixo a modalidade contractual laboral temporal de duración determinada "por obra ou servizo" ó abeiro do Real Decreto 2720/1998 de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, sendo tres a xornada completa e tres a tempo parcial (75%).

**3º.- SISTEMA DE ACCESO:** concurso - oposición libre.

**4º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.**

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos

**Concello de Boiro**



## Concello de Boiro

segundo o establecido no artigo 56 do RDLex. 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Boiro.
- c) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.
- d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Estar en posesión de, como mínimo, 2º da ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- g) Estar en situación de desemprego.

Asemade, conforme ó previsto no apartado 2.1 das Bases do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2018, as persoas a contratar deberán estar entre as recolleitas en ditas bases como incluídas nalgunha destas situacións de exclusión laboral:

- 1.- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- 2.- Maiores de 45 anos.
- 3.- Persoas desempregadas de longa duración. Ós efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos coma demandantes de emprego.
- 4.- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%.
- 5.- Persoas en situación de drogodependencia.
- 6.- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- 7.- Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- 8.- Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- 9.- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- 10.- Persoas sen fogar.

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán acreditar os concellos con carácter previo á contratación. O cumprimento das referidas condicións entenderase referido á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os requisitos dos apartados b) e c) acreditaranse mediante declaración xurada, o apartado e) mediante certificado médico oficial ou informe de saúde. Estes requisitos só os deberán acredita-los candidatos que resulten seleccionados.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen dita situación como a continuación se detalla:



## Concello de Boiro

Situación	Documentación acreditativa
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar en que ningún dos seus membros teñan emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

### 5º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público (de 09:00 h a 13:30 h.) durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no diario correspondente. No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante algunha das seguintes opcións:

- 1.- Por fax dentro deste prazo (nº de fax 981.84.40.08)
- 2.- Correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación (copias cotexadas ou orixinais).



1.- Instancia de solicitude.

2.- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.

3.- Documentación relativa á situación de exclusión social.

4.- Fichaxe de demandante de emprego

5.- Currículo persoal de méritos que posúan e documentación xustificativa dos mesmos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### 6º.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES:

#### 6.1 OPOSICIÓN:

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases, que serán a fase de oposición e a fase de concurso.

Os aspirantes que non superen a fase de oposición, non serán valorados na fase de concurso.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios obrigatorios e de carácter eliminatorio:

Primeiro exercicio: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre os temas que se citan no Anexo. Os/as aspirantes disporán dun tempo



## Concello de Boiro

máximo duna hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para supera-la proba e poder realizar así o segundo exercicio.

Segundo exercizo: Consistirá na realización dunha proba oral sobre as funcións a desenvolver no posto de traballo, coñecemento do territorio, e resolución de problemas, que se valorará entre 0 e 5 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos para supera-la proba.

Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega deberán realizar unha proba escrita (tipo test) cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.

### 6.2. CONCURSO. VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Unha vez realizada a fase de oposición procederáse á valoración de méritos relativos a programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, máximo neste apartado 2 puntos.

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas administracións públicas, relativos ós postos ofertados *da maneira que segue:*



20 a 59 horas: 0,10 punto/curso ou programa

60 a 99 horas: 0,20 puntos/curso ou programa

100 a 149 horas: 0,50 punto/curso ou programa

150 ou mais: 1 puntos/curso ou programa

*Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas*

*c) Non se valorará ningún curso/programa que non sexa impartido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías) Administración do Estado (Ministerios) Universidades Públicas e Servizo Público de Emprego, ou que estean debidamente homologados polos mesmos organismos.*

*d) Non se valorará ningún curso/programa cuxa materia este comprendida dentro do temario doutro curso/programa de máis horas presentado polo mesmo solicitante.*

### 6.3 CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na valoración de méritos, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación ó Sr. Alcalde-Presidente das persoas seleccionadas por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificados. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas. Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ó Sr. Alcalde-Presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

### 7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a



## Concello de Boiro

presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer da incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

### 8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, exporanse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

### 9º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de contratación por orde decrecente da puntuación total final (suma de puntuación obtida na fase de oposición e a de concurso), que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Asemade se proporá unha listaxe de suplentes, igualmente por orde decrecente da puntuación final, para o caso de baixas ou renuncias.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

1.- Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home.

2.- Mellor puntuación obtida no primeiro exercizo.

3.- Mellor puntuación obtida no segundo exercizo.

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

### 10º.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran



## Concello de Boiro

suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece no apartado segundo desta resolución), os sucesivos actos e comunicación que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### ANEXO

#### TEMARIO.

1. A Lei de prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios en caso de accidente de traballo.
2. Coñecemento do entorno físico e xeográfico do Concello de Boiro.
3. Mantemento e conservación de vías públicas. Avarías frecuentes e reparación.
4. Maquinaria e ferramentas para obras de infraestruturas.
5. Nocións básicas de albanelería, xardinería e pintura. Ferramentas. Tipo de materiais."



## **Concello de Boiro**

---

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008